

A CIDADE

ESCRIBE O TEU NOME E NÚMERO DE CLASE:

Case non fican soportais. Hai moitas casas de cemento. Axiña que chove un pouco, líxanse¹ de tal xeito que son laidas² de ver. Clara vive nunha casa das vellas, cun balcón e dous miradoiros, aos que aquí se lles chama costureiros, porque son axeitados para que as donas³ se senten neles a coser. Mais agora as mulleres cosen pouco. A casa de Clara está no barrio leste da cidade, no extremo oposto daquel en que nacín. Cando saio, algunhas xentes fálanme.

¹ Pór sucio. Emporcar.

² desagradable á vista

³ muller

RICARDO CARVALHO CALERO

1. Contesta:

- De que material son moitas casas?

De cemento	De pedra	De ladrillo
------------	----------	-------------

- Que profesión é a que se cita no texto?

Miradoiros	Costureiros	Albaneis
------------	-------------	----------

- Onde está a casa de Clara?

Na parte oeste	Na parte sur	Na parte leste
----------------	--------------	----------------

- Como se lles chama na terra de Clara aos miradoiros?

Costureiros	Balcóns	Soportais
-------------	---------	-----------

2. Une estas construcións galegas coa utilidade que teñen.



Hórreo

Muíño de auga

Palloza

Pombal

Alvariza

Construción onde viven as pombas domésticas.

Vivenda de planta oval ou redonda, que está feita de pedra e cuberta de palla.

Construción feita sobre columnas que se utiliza para gardar, xeralmente, o millo.

Construción consistente nun muro circular, onde se gardan as colmeas.

Edificio onde hai aparellos para moer que se moven pola forza da auga.

3. Asocia as letras e arrastra o nome de cada unha das partes da casa no lugar que lle corresponde.

CHEMINEA	TELLADO CORTE	GALERÍA	PORTA
FIESTRA	COCIÑA	FORNO	ESCALEIRA
			SOBRADO



A

B

C

D

E

F

G


H

I

L

4. A casa de Clara está nun barrio ao leste da cidade. Lembras cales son os catro puntos cardinais? Serás quen de colocar cada un deles onde lle corresponde?

NORTE SUR LESTE OESTE NOROESTE SURESTE
SUROESTE NORESTE



5. Clara é o nome da protagonista deste texto. Pensa, no menor tempo posible, en nomes de nenas e nenos en galego e que comecen por...

P _____

NENOS

R _____

NENAS

P _____

NENOS

R _____

NENAS